

APUNTES DA SUPERVIVENCIA DEL BOLO RODAO EN LLOZA (CUAÑA)

Rafael García Méndez

SITUANDO A MODALIDADÁ

El qu'hoi chamamos bolo rodao, foi ún dos xogos tradicionais que foran practicaos nas áreas rurales del oeste d'Asturias a través de partidas y torneos cotidianos y ocasionales. Así y todo a súa consideración como evento deportivo da máxima relevancia nas festas de San Salvador foi, con toda seguridá, el que mais fixo porque se mantuvera. Esta cita col bolo, inda activa hoi, sigue celebrándose todos los anos en Lloza (na parroquia de Cartavio, no conceyo de Cuaña) el sétimo día d'agosto.

Condo falamos d'este xogo, falamos d'una peza singular da nosa cultura tradicional intanxible, úa manifestación lúdica y popular antigua, que ven sendo practicada en Lloza nun se pode asegurar desde cóndo pero que, como pouco, podemos datar no ano 1826, condó se fixo a primeira Capilla de San Salvador, sendo el lugar de culto, das festas y, por suposto, dos bolos.

Neste sito, no campo da festa, fixéronse sempre os xogos tradicionais de bolos, improvisando as boleiras na terra ben cha del lugar, del mesmo xeito que noutras aldeas vecías, como Medal (Mouías, Cuaña), Miudeira (Miudes, El Franco) y Valdeparees (Valdeparees, El Franco).

Xunto con esta modalidá de *bolo rodao*, en Lloza xugábase tamén el *pasabolo* (úa especialidá que desaparecéu nos anos 60 del siglo XX), el que fora el xogo preferido pa competir os mozos y os homes, mentres qu'as mueres, os nenos y os veyos xugaban a modalidá que tamos retratando neste artículo, menos esixente en forza y entrenamiento.

ESCURCIMENTO Y RESISTENCIA DEL XOGO

A diferencia del que pasóu con outros xogos de bolos n'Asturias, no siglo pasao, el bolo rodao en Lloza mantívose ben na posguerra y hoi inda se reconoz

como un período con muita actividá bolística el qu'abarca as dúas décadas que tán ente 1945 y 1965. Xa nos anos 70, a afición a esta modalidade baxóu muito y a súa práctica quedóu reducida as ocasióis coincidentes cuas festas. Esta forte costume d'obrigar xugar a os bolos conda as festas de San Salvadorín, llevóu a sostener el xogo nas sucesivas xeracióis, homes y muyeres que, d'outro xeito, non terían visto nin conocido el xogo. Esta vinculación xa por si tradicional ente el xogo y a festa asumíu, no noso caso, un papel qu'iba ser fundamental pa qu'a cadena de tresmisión nun acabara de romper.

Pensando en miyorar y favorecer a modalidade, pa que nun fora desaparecer, algús dos vecíos que sempre xugaran a os bolos no noso llugar, us trinta homes y muyeres, xuntáronse en abril de 2004 col oxetivo de fundar el Club de Bolos Lloza. D'este modo, el bolo rodao empezaba un camín novo pa trabayar polas súas salvaguarda y difusión futura, esta vez como modalidade deportiva asentada na Federación Asturiana de Bolos.

PRESENTE DEL XOGO

Despós d'aquella decisión estratéxica tomada por úa búa parte da xente que de sempre xugara a os bolos en Lloza, este tradicional xogo é xa úa das oito especialidades bolísticas (seis de base tradicional) practicadas en Asturias baxo as condicióis que ye son propias como deporte federao, sendo a modalidade más pequena de todas, con trinta xugadores, dúas competicióis y un club legalmente asentao.

As palabras de Melchor Fernández¹, referíndose al prestixo dos bolos valdrían mui ben pa entender as intencióis d'esta lluita pola supervivencia del bolo rodao en Lloza:

«Perdida hace ya tiempo lo que era una referencia habitual, los bolos son hoy para muchos asturianos, que no los conocen, un entretenimiento rústico, su único mérito radicaría en mezclar fuerza y puntería. A quienes lo creen así hay que hacerles llegar que, además de su honda raigambre histórica y los grandes valores de la cultura popular que incorpora, se trata de un juego de habilidad, que requiere destreza, ánimo templado e inteligencia y cuya técnica, nada fácil, se perfecciona con la práctica. Que se puede jugar a cualquier edad y que es un excelente ejercicio físico».

¹ FERNÁNDEZ DÍAZ, M. (2007): «Prólogo» en J. E. Mencía Martínez, *Bolos. El juego de Asturias*. Uviéu, Publicstrategia. S. L.

Como se recoye nel acta fundacional, foi exactamente'l día 24 d'abril de 2004 condo quedóu creao'l Club de Bolos Lloza. Dende entoncos, esta pequena entidade deportiva programa toda a súa actividá xunto cua Federación Asturiana de Bolos. As dúas citas principais d'este deporte, el bolo rodao federao, son el Campeonato d'Asturias, que se xoga no brao y outro que se desenvolve nos dous últimos meses del ano: el Torneo de Navidá.

AS CARACTERÍSTICAS XENERALES DEL BOLO RODAO

El bolo rodao é una modalidá das clasificadas como «de derribo puro»², por ser ese el oxetivo principal del xogo. A persona que ta al tiro sempre procura derrubar a mayor cantidá posible de pezas, igual condo tira desde a llinia de salida que condo el fai de volta. As bolas qu'empuxa cada xogador (dúas de salida y dúas de volta se non queixan as primeiras) son pesadas y esféricas y por eso rodan pol tarrén directas contra los bolos, motivo que da nome al xogo.


BOLO RODAO		
Oxetivo del xogo		Derribo puro
Bolos	Altura	41±1 cm
	Cantidá	9
	Armao	Tarrén
	Colocación	8 radiales y 1 central
Bolas	Propiedá	Comunal
	Forma	Esférica
	Diámetro mayor	24±1 cm
	Peso	4±1 kg
Tiro de salida	Cantidá	2
	Distancia	4 m
	Tipo de tiro	Rodao directo
	Condicioís de puntuación	Non queixar. 1 bolo (ou tanto) por peza derrubada

² SUARI RODRIGUE, C. (2012): *Atles de los bolos asturianos*. Xixón, Suburbia Ediciones.

BOLO RODAO		
Tiro de volta	Cantidá	2 (se non queixa ninguna), 1 (se queixa 1) ou 0 (se queixa as dúas bolas na saída)
	Distancia	5 m (homes) y 7 m (muyeres)
	Tipo de tiro	Rodao directo
	Condições de puntuación	1 bolo (ou tanto) por peza derrubada
Organización del xogo y trunfo		Tírase un número pactao de boladas. Gana a persoa, pareya ou equipo que máis bolos faiga.

A BOLERA DE LLOZA

A de Lloza é úa bolera cuberta y protexida da intemperie que permite, desde a súa deportificación, xugar sempre y en cualquier época del ano. El suelo é firme y homoxéneo, a diferencia das boleras antigüas, amañadas en camín ou noutros sitios descampaos. Ten asentos arredor pensaos pa qu'os xugadores podan esperar el turno y p'acomodar tamén a os aficionaos. Nella cabe, ben folgao, un *castro* de non menos de 12 metros de llargo y 4 metros d'ancho cúa disposición del dibuxo:



A llinia da *salida*, dende onde se tira a bola sin pisalla, ta posta a 4 metros del redondel formao por os bolos (*el peteiro*) y la llinia de falta (chamada *queixa*) ta posta sete metros por detrás d'unde tñan armaos os bolos pa os homes y a 5 metros p'as muyeres. Esta llinia ten que ser sobrepasada pola bola pa poder puntuar a xugada, que del contrario e *cero*.

A llinia de tiro de *volta* corresponde cúa de *queixa*. Recórdase inda hoi qu'antano, en lugares como Valdepareas, xugaban a *voltar con pé en bola*, é dicir, desde el sito unde paraba a bola despós de tirar da salida.

OS BOLOS

Os nove bolos d'esta modalidade ármanse d'úa forma particular: poñendo ún nel medio y os outros 8 en disposición radial partindo d'ese bolo central, a úa distancia de 50 a 52 cm, formando un redondel nel castro que tein un diámetro d'entre 100 y 104 cm. Os bolos usaos son sempre de madeira, antigamente fíanse de toxo por ser un material ben duro, mui abundante y que nun tía nengún outro valor. Estas pezas aguzábanse dándoyes a mao forma de cono. El diámetro dos bolos na parte de debaxo ta entre 6 y 7 cm y a súa altura total, entre 40 y 42 cm. Hoi en día fáinse con torno y son madeira d'iroko.

AS BOLAS

Pa xugar úsanse namás duas bolas sempre, tamén se fain de madeira y tein un diámetro de 23 a 25 centímetros. Dende que se fundóu el Club de Bolos Lloza as bolas son perfeitas, feitas por torneiros, torniándolas en madeira d'iroko, pero noutros tempos fíanse cua madeira que taba más a mao: roble, castaño, bidural...



OUTRAS CONDICIÓIS DE XOGO

Al momento de programar cada campeonato, establécense outras condicións sobre a natureza competitiva del xogo: el número de xornadas totales y as da clasificación, asina como a cantidá de tiradas por xornada. En Lloza, os días de bolos, hai tres tiradas d'ida e outras tres de volta, é dicir, dúas xornadas de bolos puntuables pal campeonato; asina que cada xugador llanzará seis voltas as bolas y os puntos que pode chegar a sumar conciden cos bolos derrubaos nas seis participacións.

Os bolos derrubaos nas diferentes xornadas que ten el campeonato vanse sumando hasta chegar al final, pa rebañar premio os tres primeiros namás, señan

homes ou muyeres. Esta modalidade é de categoría única na competición individual, nun existindo clasificacióis segregadas por xéneros. Amás da individual, nas competicións de bolo rodado, existe úa clasificación por parexas. Todas as personas que tein participao neste xogo reconocen úa das súas miyores características: a igualdá de rendimento entre xugadores y xugadoras das más diferentes edades y condicións.

El orden de participación nel xogo correspóndese col d'inscripción y é normativo que, nel momento qu'a primeira bola rode, nun poda apuntase más naide a xugar. El empezo é sempre igual: os dous xugadores apuntaos primeiro entran á bolera a xugar, primeiro el ún, despós el dous. Condo acaban de xugar estos dous primeiros xugadores empezan outros dous y os primeiros que tiraron agora tein qu'*armar*, ou seña, poner os bolos deretos nel sou sito pa qu'outros xugadores podan petarlles cua bola. Asina é como, pouco a pouco, todos poden fer as súas tiradas dende el primeiro al último apunto al xogo. Condo todos acabaron, empezan úa segunda volta pa seguir sumando bolos y rematan a xornada cúa última y terceira participación, como é costume nel bolo rodado.

PECHE

A pequena historia del Club de Bolos Lloza nun sería posible sin el llabor apasionao y desinteresao d'algúas personas como el sou presidente, Alberto Fernández, que recentemente víu recompensada a súa llabor nel club cua concesión del premio «Pico Peñamellera», que recibíu en Panes (Peñamellera Baxa) en agosto de 2016. É un galardón al que mui poucos poden chegar, conócío como el «Premio Nobel» dos bolos, que reconoz traxectorias destacadas nestos deportes, asina como as aicións más exemplares na lluita pola salvaguarda da tradición bolística.

El propio Presidente, na entrega del premio³, sintetizóu con craridá y humildá as bondades del xogo, as carauterísticas que ye permitiron chegar hasta hoi trespasando una historia tan llarga que nun podemos datar: «Al bolo rodado merez a pena xugar porque é tradicional, barato ¡y mui entretido!».

Este é el capítulo que pecha, hasta hoi, el llibro d'este patrimonio qu'heredamos y que tresmitiremos. Á xente nova chégaye a vez de seguir escribindo nél.

³ Intervención d'Alberto Fernández na cerimonia d'entrega de los XXII Premios Pico Peñamellera (2016): <https://www.youtube.com/watch?v=QrcaVmp9Q5A>.